



## Concello de Guitiriz

ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2017/7	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria urxente Motivo: «Aprobación de 3 proxectos de obra subvencionados por outras administracións públicas que teñen que estar adxudicados e executados no mes de outubro»
<b>Data</b>	5 de setembro de 2017
<b>Duración</b>	Desde as 13:00 ata as 13:20 horas
<b>Lugar</b>	Sala de sesións da Casa Consistorial
<b>Presidida por</b>	Regina Polín Rodríguez
<b>Secretario</b>	Antía Pena Dorado

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33536341H	Antía Pena Dorado	SÍ
33860503H	Carlos Plácido Buján López	SÍ
76580439F	Daniel Díaz Méndez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
33621263R	Jesús Veres Vázquez	SÍ
35105471L	Jordi Blengua Penedo	SÍ
76576132R	José Manuel Saa Devesa	SÍ
79324942N	Juan Antonio Rey Rivas	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	NON

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



## Concello de Guitiriz

76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
76571390C	Pedro Pérez Fanego	NON
33803021J	Regina Polín Rodríguez	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Ratificación da urxencia da convocatoria

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	---

A Sra. Alcaldesa xustifica a urxencia da convocatoria na necesidade de aprobar 3 proxectos de obra subvencionados por outras administracións públicas que teñen que estar adxudicados e executados no mes de outubro, polo que calquera retraso ou incidencia durante a execución das obras suporía a perda da subvención que financia a obra.

Sometida a votación a urxencia da convocatoria é aprobada por unanimidade.

#### Expediente 1242/2017. Aprobación de Proxecto de Obras

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Aprobación do proxecto técnico obra "NOVA PLANTA DE DEPURACION DE AUGAS PLUVIAIS NO PARQUE EMPRESARIAL DE GUITIRIZ"

Por Decreto de alcaldía de data 20/03/2017 solicitouse á Consellería de Economía, Emprego e Industria unha subvención para gastos de obras, segundo a resolución do 27 de xaneiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas a habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia: Anteprojecto para "Nova planta de depuración de augas pluviais no parque empresarial de Guitiriz", por importe de 76.517,38 € (dos cales

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

13.279,88 € corresponden o I.V.E), cun prazo de execución e xustificación que remata o día 31/10/2017.

Visto o proxecto técnico da obra “NOVA PLANTA DE DEPURACION DE AUGAS PLUVIAIS NO PARQUE EMPRESARIAL DE GUITIRIZ” redactado pola enxeñeira de caminos, canales e portos dona Laura Santalla Castro no mes de agosto de 2017 cun orzamento de 63.237,50 euros e 13.279,88 euros de IVE

Visto o informe técnico de medio ambiente de data 14/08/2017.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 31/08/2017

Considerando o disposto nos artigos 121 a 126 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro; e nos artigos 124 ao 137 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Considerando o disposto no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e nas NSPM do Concello de Guitiriz aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo en sesión de 12 de febreiro de 1985.

Considerando a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.2.ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de asuntos do pleno de data 4/09/2017, a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o proxecto técnico da obra “NOVA PLANTA DE DEPURACION DE AUGAS PLUVIAIS NO PARQUE EMPRESARIAL DE GUITIRIZ” redactado pola enxeñeira de caminos, canales e portos dona Laura Santalla Castro no mes de agosto de 2017 cun orzamento de 63.237,50 euros e 13.279,88 euros de IVE.

**SEGUNDO.-** Comunicar o presente acordo a todos os departamentos afectados. Aberto o debate, todos os presentes manifestan a súa conformidade, polo que queda aprobado por 11 votos a favor.(PSOE, PP,BNG, concelleiro non adscrito e grupo independente)

### Expediente 1337/2017. Aprobación de Proxecto de Obras

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

PROPOSTA PLENO

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

Aprobación do proxecto técnico “Plan de Mellora de Camiños: Proxecto de obras de mantemento nos camiños de acceso a: Nº 1 “Dende a PR-23-03 ata Cainzos pasando por Toar e Bandoce” dende o PK-0,00 a PK-1,925 na parroquia de San Breixo de Parga, no Concello de Guitiriz – Lugo. Nº 2 “Dende a PR-23-03 ata a ponte de San Alberte, pasando por O Carballo, Coton e Canto do Muro” dende o PK – 0,00 a PK – 2,560, na parroquia de San Breixo de Parga no Concello de Guitiriz–Lugo”.

Por Decreto de alcaldía de data 30/06/2017 solicitouse á AGADER a inclusión da seguinte obra no Plan de Mellora de Camiños: Proxecto de obras de mantemento nos camiños de acceso a: Nº 1 “Dende a PR-23-03 ata Cainzos pasando por Toar e Bandoce” dende o PK-0,00 a PK-1,925 na parroquia de San Breixo de Parga, no Concello de Guitiriz – Lugo. Nº 2 “Dende a PR-23-03 ata a ponte de San Alberte, pasando por O Carballo, Coton e Canto do Muro” dende o PK – 0,00 a PK – 2,560, na parroquia de San Breixo de Parga no Concello de Guitiriz –Lugo, redactado polo arquitecto técnico municipal de Infraestruturas José Benito Gil Lopez cun orzamento total de 89.588 € sen IVE (108.401,48 € con IVE).

Visto o informe técnico da arquitecta técnica municipal de data 24/08/2017.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 24/08/2017

Considerando o disposto nos artigos 121 a 126 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro; e nos artigos 124 ao 137 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Considerando o disposto no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e nas NSPM do Concello de Guitiriz aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo en sesión de 12 de febreiro de 1985.

Considerando a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.2.ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de asuntos do pleno de data 4/09/2017, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto técnico de obras de mantemento nos camiños de acceso a: Nº 1 “Dende a PR-23-03 ata Cainzos pasando por Toar e Bandoce” dende o PK-0,00 a PK-1,925 na parroquia de San Breixo de Parga, no Concello de Guitiriz – Lugo. Nº 2 “Dende a PR-23-03 ata a ponte de San Alberte, pasando por O Carballo, Coton e Canto do Muro” dende o PK – 0,00 a PK – 2,560, na parroquia de San Breixo de Parga no Concello de Guitiriz –Lugo, redactado polo arquitecto técnico municipal de Infraestruturas José Benito Gil Lopez cun orzamento total de 89.588 € sen IVE (108.401,48 € con IVE).

Dende o Partido Popular de Guitiriz, non nos imos opoñer a aprobación deste proxecto de mellora de camiños, sempre que se cumpran os requisitos como poden

---

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

ser as autorizacións para levalo a cabo.

Por parte do concelleiro non adscrito adiántase que o seu voto será a favor.

O portavoz do BNG comeza a súa intervención dicindo que na comisión informativa abtívose e adianta que non vai votar a favor desta proposta porque considera que existen camiños en Guitiriz en moi peores condicións, e a maior abundamento vanse gastar 80000 euros con carácter bianual. Recalca de novo a existencia de camiños en peores condicións.

Ten a palabra o portavoz do Grupo Independente dicindo que está dacordo coa proposta pero que se teña en conta o estado de outros camiños e a necesidade de arreglalos.

Por parte da Sra. Alcaldesa- presidenta contéstase ao portavoz do BNG no sentido que é certo que existen outras zonas pero que están previstas noutras actuacións ou proxectos.

Na segunda rolda de intervencións o portavoz do Grupo Popular indica que lle convence a explicación dada por a Alcaldesa e indica tamén que está dacordo co manifestado polo BNG e o Sr Veres.

Non sendo necesarias máis intervencións apertúrase a votación acadando o seguinte resultado:

Apróbase por maioría absoluta con 10 votos a favor (PSOE; PP; concelleiro non adscrito e Grupo Independente) e 1 abstención do BNG.

### Expediente 1308/2017. Aprobación de Proxecto de Obras

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Aprobación do proxecto técnico "AHORRO Y EFICIENCIA ENERGÉTICA EN EL ALUMBRADO PÚBLICO DEL POLÍGONO INDUSTRIAL DE GUITIRIZ"

Por Decreto de alcaldía de data 20/03/2017 solicitouse á Consellería de Economía, Emprego e Industria unha subvención para gastos de obras, segundo a resolución do 27 de xaneiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas a habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia: Proxecto de aforro e eficiencia enerxética no alumbeado público do polígono industrial de Guitiriz, polo seguinte importe de 30.251,29 € (dos cales 5.250,22 € corresponden o I.V.E). Concedeuse unha subvención de 21.368,82 euros cun prazo de execución e xustificación que remata o día 31/10/2017.

Visto o proxecto técnico "AHORRO Y EFICIENCIA ENERGÉTICA EN EL ALUMBRADO PÚBLICO DEL POLÍGONO INDUSTRIAL DE GUITIRIZ" redactado polo enxeñeiro técnico industrial Nicanor Piñeiro Sampedro, no mes de xuño de 2017, cun orzamento de 22.075,22 euros e 4.635,80 euros de IVE.

De acordo co establecido no proxecto e no informe da arquitecta técnica municipal as obras consisten basicamente na substitución das lámpadas dos puntos de luz existentes na instalación de alumbeado do parque empresarial por outras máis

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

eficientes e de menor consumo, restitución de condutores aéreos en mal estado e reforma do cadro xeral de mando e protección. Trátase de obras de conservación e de mellora da eficiencia enerxética da instalación de alumado existente. Do estudo do proxecto se desprende que non se proxecta a instalación de novos postes ou a escavación de novas canalizacións.

Visto o informe técnico da arquitecta técnica municipal de data 21/08/2017 e a xustificación do cumprimento mínimo de iluminación do Plan Parcial do enxeñeiro redactor do proxecto de data 23/08/2017.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 24/08/2017

Considerando o disposto nos artigos 121 a 126 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro; e nos artigos 124 ao 137 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Considerando o disposto no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e nas NSPM do Concello de Guitiriz aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo en sesión de 12 de febreiro de 1985.

Considerando a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.2.ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de asuntos do pleno de data 4/09/2017, a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o proxecto técnico "AHORRO Y EFICIENCIA ENERGÉTICA EN EL ALUMBRADO PÚBLICO DEL POLÍGONO INDUSTRIAL DE GUITIRIZ" redactado polo enxeñeiro técnico industrial Nicanor Piñeiro Sampedro, no mes de xuño de 2017, cun orzamento de 22.075,22 euros e 4.635,80 euros de IVE.

**SEGUNDO.-** Comunicar o presente acordo a todos os departamentos afectados.

Aberto o debate e non sendo necesarias intervencións sometése a votación acadando o seguinte resultado: 11 votos a favor (PSOE;PP;BNG; concelleiro non adscrito e Grupo Independente e BNG)

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

---

### Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Guitiriz**

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178